

Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle un paquete de actividades de Ardora**

www.webardora.net

VERSIÓN 10.0

0.- Antes de empezar.

Antes de empezar **é importante que teña en conta o seguinte:**

1.- Neste tutorial explícase como subir un paquete de actividades creado con Ardora a un curso de Moodle mediante a **extensión de Ardora** para esta plataforma polo que a citada extensión **ha de estar correctamente instalada**. De non ser así pida ao administrador ou administradora da súa aula virtual que a instale (nesta web hai un tutorial onde se explica paso a paso o proceso para seguir).

2.- **Ten sentido** inserir un paquete de actividades da forma que imos comentar neste tutorial **sempre que desexe levar un control detallado do realizado polas súas alumnas e alumnos. Se o seu curso non ten alumnado matriculado e asignado a un grupo subir o paquete tal e como se conta aquí non será útil (o paquete non funcionará)**. Nese caso suba o paquete a Moodle como calquera outro contido, así o paquete estará operativo pero non realizará ningún control do realizado polo alumnado.

3.- Os **tipos de contidos que poden subirse** mediante esta extensión son:

- Calquera das máis de 40 **actividades interactivas** que crea Ardora.
- Os **paquetes de actividades**.
- Os **espazos web**.

De cada un destes contidos pode atopar un tutorial nesta mesma aula.




Para outros contidos, como as páxinas multimedia que crea Ardora, pode subilas á aula mediante a opción "archivo" de Moodle.

Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle un paquete de actividades de Ardora**

www.webardora.net

Guía rápida.

A 1 Crear paquete → 2 Indicar método avaliación → 3 Obter zip e marcar autoavaliación.



m 4 Engadir actividade → 5 Engadir zip → 6 Descomprimir



7 Seleccionar htm como principal

1.- Creamos o paquete.

O proceso é moi sinxelo. O primeiro que debe de facer é crear o paquete de actividades interactivas de Ardora, para iso debe de **crear cada unha das actividades que desexa introducir no paquete publicándoas** (botón coa icona da bóla do mundo ou mediante o menú "Archivo - Publicar actividade"). Ao "publicar" cada actividade o programa creará un cartafol co nome e no lugar que indicase. Durante a creación destas actividades non ten que especificar ningún elemento en concreto aínda que o destino vaia a ser Moodle.

Logo, desde o **menú de utilidades**, seleccionará "**Paquete de actividades de Ardora**" para indicar as actividades que van conformar o paquete. Na web de Ardora (webardora.net), no apartado de "axuda", ten vínculos a titoriais e vídeo-titoriais que explican o proceso de creación dun paquete.

Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle un paquete de actividades de Ardora**


www.webardora.net

Teña en conta tamén estas dúas cuestións:

1.- No momento de crear este paquete **debe de indicar**, na pestana **3 "Crear o paquete"** **como se vai a avaliar** o paquete. O programa ofrece dúas posibilidades:

Actividade. A puntuación será o número de actividades resoltas correctamente.


Puntos. A puntuación será a suma dos puntos obtidos en cada unha das actividades que conforman o paquete.



2.- Indique tamén, **na mesma pestana "3.- Cre o paquete"**, que o paquete ten **"autoevaluación"**, de non indicalo dá a entender que non desexa ningún tipo de avaliación.

Unha vez que teña creado o paquete debe de pulsar sobre o **botón co logotipo de Moodle** (ou ben no menú "Arquivo - Moodle").

O programa solicitará un nome para ese arquivo e encargarse de crear todo o necesario no ficheiro zip que logo subiremos á aula virtual.




2.- Subimos o paquete ao noso curso.

No lugar do noso curso que desexemos pulsamos sobre **"Engadir unha actividade ou recurso"** e, na xanela que aparece, seleccionamos **"Ardora"**.

Con iso abrírase unha xanela na que teremos que inserir os parámetros necesarios para o noso paquete.

Añadir una actividad o un recurso



Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle un paquete de actividades de Ardora**

www.webardora.net

Nesta nova xanela debemos de realizar o seguinte:

1.- Nome: escriba un texto que identifique o paquete no curso.

2.- Descrición: se o desexa pode introducir un comentario, consellos para o alumnado, aspectos a ter en conta etc.




3.- Debe de marcar esta casa se desexa que se mostre no curso o texto escrito no punto 2.

4.- Seleccionar arquivos: cargue aquí ou **arrastre o ficheiro zip** que acaba de crear en Ardora.

5.- Faga **clik no ficheiro zip** unha vez que se completou a "subida".

6.- Pulse no botón **descomprimir**. Despois dun tempo, no mesmo sitio que está o arquivo zip terá outros arquivos e cartafoles.

Agora observe que nos arquivos e cartafoles que aparecen **hai tres arquivos que teñen o mesmo nome** (na captura da dereita "paqLengua01..."); 1 o ficheiro zip que acaba de subir, 2 outro que, se sitúa o cursor do rato sobre el aparecerá a extensión "css" e un terceiro que **se sitúa o cursor sobre el verá a extensión "htm", este é o arquivo que nos interesa.**



Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle un paquete de actividades de Ardora**

www.webardora.net

7.- Facemos **clik sobre o arquivo htm**.

8.- Na xanela emerxente, indicamos que é o arquivo principal facendo clic sobre "**Configurar o arquivo principal**".

Agora xa podemos **borrar o arquivo zip** que acabamos de subir con tan só facer clic no ficheiro zip e pulsando esta vez en "borrar".

No apartado de "**apariencia**" pode determinar como se vai a amosar o paquete dentro do seu curso.

▼ **Apariencia**

Display ?

Show size ?

Show type ?

Show upload/modified date ?

✓ **ver menos...**

Pop-up width (in pixels)

Pop-up height (in pixels)

Use filters on file content

Na opción de "**Display**" pode seleccionar entre distintos valores que indicarán o lugar no que se mostra o paquete. Pode ser moi interesante que pulse sobre "**Mostrar máis...**" xa que así poderá especificar o ancho e alto que terá a xanela emerxente ou o contedor da actividade dentro do curso. Agora xa só restaría gardar a actividade en "**Gardar e regresar ao curso**" para que se mostre no noso curso. Lembre que os parámetros que acabamos de introducir sempre poden ser reeditados.

Libro de cualificacións.

Despois de que o alumnado entre a realizar as actividades do paquete poderá **consultar** tanto alumnado (se a configuración de Moodle permíteo) como profesorado a **puntuación obtida** por cada alumno en función do elixido (puntuación ou número de actividades resoltas) á hora de crear o paquete.

		Curso Ardora Ejemplo ...	
Nombre / Apellido(s) ...	+	Problema 1 ...	Paquete de actividades ...
AA Alumno 01 Apellidos 01 ...		1,00 ...	11,00 ...
AA Alumno 02 Apellidos 02 ...		<input type="text"/>	<input type="text"/>
AA Alumno 03 Apellidos 03 ...		0,00 ...	<input type="text"/>
AA Alumno 04 Apellidos 04 ...		<input type="text"/>	<input type="text"/>
Promedio general		0,50	11,00

Extensión de Ardora para Moodle – **Instalar nun curso de Moodle un paquete de actividades de Ardora**

www.webardora.net

Con todo, **se desexa máis información** sobre o feito por cada un dos seus alumnos e alumnas como: o tempo empregado, as veces que tentou solucionar cada actividade ou os puntos obtidos o mellor é recorrer ao informe detallado que se comenta no seguinte apartado.

Informe do paquete de actividades.

IMPORTANTE: Para que os informes detallados que crea Ardora poidan ser vistos o **alumnado ha de estar matriculado obrigatoriamente nun determinado grupo.**

Ao abrir o paquete, **nunha das esquinas** (na que se determinou que apareza a "autoavaliación" ao crear o paquete) hai un **botón redondeado** que nos leva ao informe detallado.

The image shows two screenshots. The left one is the 'Onomatopeyas' activity interface with a grid of animal icons and sound labels. The right one is a report table for 'Curso Ardora Ejemplo - Paquete de actividades' for 'Alumno 01'.

Nº	Actividad	Nº	Inicio	Fin	Estado	Intentos:	puntos:
1	1	1	14:46	14:47:38 h	✓	0	1
2	2	1			✓	0	7
3	3	1			✓	0	3
4	4	1			⊖	0	0
5	5	0			⊖	0	0
Total							11

Na imaxe móstrase o **informe que vería o alumno** do seu traballo. No caso da imaxe o "Alumno 01", tal e como se aprecia na liña onde aparecen os seus apelidos e nome, entrou 1 vez e ha resoldido correctamente 3 das cinco actividades e obtivo un total de 11 puntos.

Debaixo podemos observar o día e hora na que empezou a realizar o paquete así como o realizado en cada unha das cinco actividades. Así, por exemplo, situando o cursor do rato sobre o número que aparece na terceira columna ("Execucións") obteremos máis datos sobre a execución dunha actividade en concreto. Na imaxe de exemplo vemos que a primeira actividade se iniciou ás 14:46 e finalizou ás 14:47:38, foi resolta correctamente (icona con check sobre fondo verde), non houbo ningún intento erróneo e conseguiu 1 punto.

No caso de que sexa o **profesor** o que accede ao informe verá exactamente o mesmo pero para cada un dos alumnos que xa accederon á actividade.

Extensión de Ardora para Moodle – Instalar nun curso de Moodle un paquete de actividades de Ardora

www.webardora.net

Observe tamén que, no caso do profesor, para cada unha das veces que entrou o alumno hai unha X vermella, pulsando nela borrariamos eses datos de acceso para, por exemplo, cando un alumno ou alumna entra e sae do paquete por erro.

Para unha "consulta rápida" o docente pode facer clic sobre a fila que indica o grupo (na imaxe a fila coa letra A) e os detalles do traballo de cada alumno ocultaranse quedando visibles só os datos referentes ao número de actividades resoltas correctamente e os puntos conseguidos.

Facendo clic sobre o nome de cada alumno o detalle do seu traballo volverá despregarse.

Curso Ardora Ejemplo - Paquete de actividades					
A					
■ Apellidos 01 Alumno 01		1	3 / 5 → Σ 11		
1.- 6/12/2023 14:46 ✖					
Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1	1	1	✓	0	1
2	2	1	✓	0	7
3	3	1	✓	0	3
4	4	1	⚙	0	0
5	5	0	ⓘ	0	0
Total					11
■ Apellidos 02 Alumno 02		1	0 / 5 → Σ 0		
1.- 6/12/2023 17:01 ✖					
Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1	1	1	⚙	0	0
2	2	0	ⓘ	0	0
3	3	0	ⓘ	0	0
4	4	0	ⓘ	0	0
5	5	0	ⓘ	0	0
Total					0
■ Apellidos 03 Alumno 03		1	0 / 5 → Σ 0		
1.- 6/12/2023 17:20 ✖					
Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1	1	1	ⓘ	1	0
2	2	0	ⓘ	0	0
3	3	0	ⓘ	0	0
4	4	0	ⓘ	0	0
5	5	0	ⓘ	0	0
Total					0